

Considerada como unha das mulleres máis carismáticas do circuío da música contemporánea e de raíz. Naceu en 1967, aos 13 anos escoitou cantar ás mulleres da creación colectiva musical da Costa da Morte, na súa terra natal Galicia. O tocar da pandeireta e o cantar da ribeirana foi o detonante para abraiarse da inmensa beleza das cancións, bailes, contos e vivencias dos seus contemporáneos habitantes das aldeas. Comeza unha intensa recompilación. Transmitiu todo ese coñecemento a través do ensino, nas escolas municipais, na Televisión de Galicia, ou en Universidades como A Sorbone, O Porto, País de Gales etc.

Na súa faceta compositiva Mercedes está relacionada coa creación de bandas sonoras para cine, espazos sonoros para danza e performances en directo dende a hibridación ata a posta en escea de banda electrónica ou de raíz. Dende achegas que arrincan desde a polirritmia baixo a mirada dos ritmos máis ancestrais, culminando en temas eclécticos e descaradamente vibrantes como traballos sonoros para espazos diversos ou música puramente electrónica. O seu amplo repertorio e a enerxía que se apodera de cada unha das súas actuacións, fan desta muller, unha aposta segura pola continuidade da escena musiccontemporánea en Europa.

Despois de afondar na tradición durante máis de 25 anos, no 2000 gravou o seu primeiro álbum chamado Isué. Libre de clichés, expandíndose polo eido internacional sin reforzo mediático. Nos seus traballos posteriores Ajrú (2004), Sihá (2007), e Sós (2008), as súas composicións levárona a unha particular atmosfera case rozando o electroacústico, facendo do resultado o seu sinal distintivo dentro e fóra das súas fronteiras.

O seu último traballo en CD Deixaas, é o resultado dunha intensa etapa de investigación sobre as posibilidades da arte sonora traída ao eido no que ela se ergue como referente internacional: a música raíz, a tradición máis xenuína.

A súa música incorpora espazos acústicos de nova natureza obtidos dun traballo de campo baseado en sons reais e gravacións de máquinas pesadas recollidas nos astilleros e espazos industriais en torno a Ferrol ( como no caso da "Plataforma"); ou outras composicións que incorporan todo o poder estético e evocador da palabra poética dramatizada ou palabra falada (en "Linguas elementais") ou o contraste do piano atmosférico (en "Olores perdidos"). Diferentes ambientacions e texturas que gañan consistencia nunha obra que conta tamén con Mónica de Nut e Ana Fernández.

Deixaas amplía o universo creativo de Mercedes Peón combinando artesanía musical e vangardia creativa dun xeito excepcional. Conserva a esencia dos temas que adoitan interesar á compositora: cuestións de identidade, sexo, linguaxe, pertenza, cadeas de transmisión, o medio ambiente e a política social máis inmediata ... todo converxe na súa música e interactúa co son e estética nunca antes explorada deste xeito tan profundo pola artista.

Este novo disco ubica a Mercedes Peón nunha exquisita madurez creativa e compositiva, e o seu formato ao vivo ofrece unha experiencia artística única, un verdadeiro transo que nos reconecta ao máis auténtico, onde a música convértese nunha cadea de transmisión de patrimonio cultural de

primeira orde. A principios do 2011, sae o seu cuarto traballo discográfico ...----... (SÓS), música de vangarda.

Catalogado como maduro, fresco, sorprendente, creativo. Enxeñosa e profundamente conceptual, móstranos unha evolución ou un momento da súa carreira especialmente brillante. Creado, tocado, producido e mesturado por ela mesma, ...----... , é un exercicio de microcomposición onde o resultado final foi escollido por "word chart music Europe" como mellor disco dos editados durante dous meses consecutivos.

No 2011 foi escollida como artista recomendada pola plataforma e marca musical Womex sendo este feito un fito na historia da música do seu país. Mostrando en Copenague o seu poder escénico-compositivo desde un lugar totalmente performativo e sincero. Ela soa, coas súas samplers creados e arranxados por ela, mesturados coa voz, clarinete, gaita e percusións. Sorprendente espectáculo cheo de dinámica e que xirou por toda Europa e Canadá.

A finais do 2012 comeza unha aventura musical coa banda WVB de Varsovia. Participa nunha xira polo país polaco que culminará nun novo traballo discográfico a finais do 2015. Paralelamente á composición do seu quinto traballo discográfico en solitario, Deixaas (2018), cheo de espazos sonoros que xurden de novas inxedanzas e materiais que achegan ao público o seu discurso sempre social e feminista.

No 2014 participa nun proxecto proposto pola coreógrafa Lipi Hernández co apoio de "Graner" como compositora do espazo sonoro de "El canto de los Caballos" que se presentou no marco do Festival Salmon a finais do 2014 en Barcelona á beira doutras 10 artistas de vangarda da danza contemporánea por medio da micro-composición e improvisación vocal-electrónica (unha delas, Virginia García, foi galardoada co premio nacional de danza na modalidade de creación no 2015, coa compañía LA INTRUSA).

No 2015 xira cunha banda madura totalmente contemporánea afincada na electrónica cun directo impactante para festivais por Europa acabando a xira no 2016 para editar e rematar o seu último disco "Deixaas" o seu último disco, que presentará no 2018 en Europa cun pequeno avance previo en Nova York.

Os seus últimos traballos están en estreita colaboración con outras disciplinas como a danza ou o cine, coa composición da música de "O kiosco das almas perdidas", o espectáculo de Roberto Oliván no Centro Coreográfico Galego, o asesoramento sonoro e a composición electroacústica do concerto Concerto desconcerto da compañía Entremáns. Composición de música para a obra "Solo dos" de Maruxa Salas ou no cine, composición do documental de longa duración Liste, pronunciado Lister, de Margarita Ledo e do cortometraje Cienfuegos 1913 da mesma autora. 2020 banda sonora da película "Nación" de Margarita Ledo Andión. 2021 Participación no Water and Sound Festival co espectáculo do octeto de corda & Streicherensemble der Augsburger Philharmoniker dirixido por Tom Hans coa colaboración de Lucía Martínez e Mónica de Nut. 2022 Creación do espectáculo "Ingrávida" baseado nun percorrido dos 20 anos da creación desde o primeiro disco Isué con

Caamaño&Ameixeira, as Raigaña de Cerqueda, As Xirifeiras cun espectáculo de 18 músicas en escea.

O seu último traballo escénico “Osmose” ([www.osmose.gal](http://www.osmose.gal)) peza híbrida de música, audiovisual e performance, articula un relato crítico sobre os efectos do capitalismo nas nosas vidas sendo as protagonistas as traballadoras das fábricas de Pontesa e das conserveiras de Galicia, presentado no teatro Conde Duque de Madrid e no Festival Grec de artes escénicas continuando no teatro Central de Sevilla.

En el 2023 creo a banda sonora para a película “ O corpo aberto” de Angeles Huerta que entra na selección dos Goyas como mellor banda sonora.

Discografía: Isué (2000), Ajrú (2003), Sihá (2007), Sós (2008), e Deixaas (2018).

Compartiu cartel en festivais con Patty Smith, Alanis Morissette, Goran Brégovich, etc. Entre unha lista de máis de 400 festivais internacionais.

Recibiu recoñecementos tanto internacionais como nacionais:

1990, Premio Especial do Xurado, Festival Cidade Vella de Santiago Compostela

1990, Premio á Autenticidade, Festival Cidade Vella de Santiago Compostela 1991. Premio MacAllan de gaita festival de Lorient

2000, Premio Artista do Ano, concedido pola revista Folkworld 2000, Finalista do Premio Mellor Artista do Ano, BBC Radio 3. 2000, "Songlines top of the world".

2005, Premio Galega do Ano.

2005, Premio do xornal a Opinión , mellor disco do ano. 2008, Premio Nacional de Música.

2010 Premio mellor disco do ano do xornal a Opinión.

2011, Mellor disco editado durante dous meses por "word chart music Europe.

2018 Premio mellor disco do xornal a Opinión.

2018 Mención, catro mellores discos editados (Songlines)

2018 Premio da crítica galega no campo da música.

2018 Mellor disco do ano por Cultura Diversa ( México).

2020 Premio Rebulir do FIR non apartado de música.

2020 Mención na acta no festival de Sevilla ao tratamento sonoro da película Nación como recoñecemento á súa achega para o premio á mellor dirección nacional.

2023 Selección nos GOYA mellor música orixinal polo filme “O corpo aberto” de Angeles Huerta.

2023 Premio Alfredo Iglesias pola traxectoria e contribución á cultura galega.

2023. Premio Mestre Mateo mellor música orixinal porlo filme “ O corpo aberto”.

#### CONCERTOS Y FESTIVAIS DESTACADOS:

Festival Grec (Barcelona). Festival Sismograf de Olot, Teatro Central de Sevilla (Osmose), Conde Duque de Madrid ( Osmose), Teatre L´Artetà. Sfinks e Draunuter (Bélxica). Les Suds de Marsella e Intercéltico de Lorient (Francia). Intercéltico de Oporto e Cantigas do Maiuo (Portugal). Celtic Connection e Festival de Edimburgo (Escocia). Festival de Músicas do Mundo (Jerusalén, Israel). Stimmen (Suiza). Festival europeo de linguas minoritarias (Azores). Forum de Barcelona, Festival de músicas do Mundo (Praga). Festival Folk de Ortigueira. La noche de las brujas de Tenerife. Womad. La mar de músicas Cartagena, Festival de música de Jimena de la frontera, Parapanda de Granada, Sol (Plasencia), Festival de Ainsa, San Froilán. Festival intercéltico de Moaña. Ethnohelmantica, Salamanca. Festival Fol de Ovieu,. Senglar rock e Fiestas de la Mercé (Barcelona). A carballeira de Zas. Enclave de músicas (Burgos). Mestizatge, Valencia. Fewlix rock. Festival de Denia. Folkesi (Valladolid). Mendelaba,.Festival de Arles - Celtic Connexion (Glasgow).

#### PAÍSES:

Hungría, Escocia, Eslovenia, Suecia , Holanda, Bélxica, Suiza, Alemaña, Italia, Israel, España , Portugal, Luxemburgo, Irlanda, Inglaterra, Austria , Francia, Australia, Nova Zelandia, Estados Unidos, Canadá, Turquía, Chipre, Croacia, Dinamarca, Marrocos, Chequia, Estados Unidos, Chile, Cuba, Brasil, etc.

#### COLABORACIONES:

Janet Novás, Margarita Ledo, Angeles Huerta, Maruxa Salas, Alasdair Fraser, Warsaw Village Band. Peque Varela, Maider Jiménez, Alba Corral, Virginia Rota, Manu Chao, Xosé Manuel Budiño, Orquesta Sinfónica de Galicia, Lipi Hernández, Ana Fernández, Caamaño&Ameixeiras, Suso Basterrechea, Mónica de Nut, Laura Iturralde, Octeto de corda & Streicherensemble der Augsburger Philharmoniker, Tom Hans etc.

#### PENSAMENTO-CONGRESOS:

Paralelamente as súas reflexións e conceptualizacións como “creación colectiva” vencellado ás aldeas ou “micro habitat,” desenvolve un pensameto crítico:

Consello da Cultura Galega.

París la Sorbone.

Universidade de Gales.

Universidade de Lisboa.

Museo do Pobo Galego.

Homenaxe ao gaiteiro Ourense.

AGG presentación e ponencia.

Espazo de pensamento e creación contemporánea de “ La Caldera” Barcelona.

Estudos Galegos da Universidade Nova de Lisboa, Mulheres e música.

Representatividade e emancipação na música popular e tradicional.

Participación en “ Los encuentros de Pamplona” como ponente e pensadora xunto a Maria PTQK e Mireia Sallarés